


## Reto: modelo de artigo

### OS ITALIANOS DO SÉCULO XIV MORRÍAN DE FAME

*Houbo unha grande carestía de todos os alimentos en toda Italia. En Florencia e en toda a súa campiña unha medida de trigo costaba un florín (catro veces máis que o normal): os que tiñan cartos podían pagalos, pero para os pobres significaba privacións e sufrimentos. Sabede que houbo tal fame en Siena, Perugia, Pistoia e outras vilas de Toscana que os habitantes expulsaron aos pobres mendigos, de maneira que moitos foron a Florencia, onde o concello acolleunos e deu-lles alimento para sobrevivir.*

Texto base: Texto 11: Testemuñas de campesiños (1329) recollidos nunha crónica sienesa do século XIV.

**Fonte:** [https://histoire.ens.fr/IMG/pdf/Menant\\_Famines.pdf](https://histoire.ens.fr/IMG/pdf/Menant_Famines.pdf) p, 82-83



En 1329, a falta de alimentos en moitas zonas de Italia era terrible. Na rexión da Toscana a situación era tan dramática que cidades como Siena ou Perugia enchéronse de mendigos, tantos, que acabaron botándoos de moitas vilas. En Florencia, pola contra, foron acollidos, e o concello repartiulles alimentos para que puideran sobrevivir. Este feitos son narrados por numerosas crónicas da época, como se pode apreciar no texto desta páxina, e lévanos a preguntarnos o porque desta situación: era acaso unha situación habitual na Idade Media? Acontecía en máis lugares ou só nesta parte de Italia?


Elaboración propia (proxecto cREAgal). Derivada de Europe in 1328 de Gyalu22. Europe in 1328 (CC0)

Pois a resposta é que a situación foi bastante xeral en toda Europa, xa que durante o século XIV ocorreron diferentes ciclos de malas colleitas provocados por varios factores, como as condicións meteorolóxicas adversas que trouxeron consigo anos de moitas precipitacións e frío intenso que reducían as colleitas (a coñecida como Pequena Idade de Xeo ). Outros documentos da época falan de “colleitas podres”. Por outro lado, neste período prodúcese o cese de novas cavaduras por terse chegado ao límite das terras cultivables tras a expansión realizada nos século anteriores e tamén, polo mesmo motivo

ao esgotamento das terras tras longos anos de explotación cunha fertilización moi escasa ou o feito de que diferentes plantas téxtiles de gran demanda e elevado prezo, como o liño, foron desprazando cultivos destinados á produción de alimentos xa que eran menos rendibles.

Todos estes condicionantes negativos xeraron un gran descenso das producións agrarias, un importante incremento do prezo dos produtos agrícolas e polo tanto graves problemas de abastecemento e episodios de fame.

Houbo unha grande carestía de todos os alimentos en toda Italia. En Florencia e en toda a súa campiña unha medida de trigo costaba un florín (catro veces máis que o normal): os que tiñan cartos podían pagalos, pero para os pobres significaba privacións e sufrimentos. Sabede que houbo tal fame en Siena, Perugia, Pistoia e outras vilas de Toscana que os habitantes expulsaron aos pobres mendigos, de maneira que moitos foron a Florencia, onde o concello acolleunos e deulles alimento para sobrevivir.



[Web Gallery of Art](#). *14th-century painters - Libro del Biadaiolo* (CC0)



“Modelo resposta reto”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)